

[Segundo establece o Regulamento de Execución da UE 2017/1469 da Comisión con data de 11 de agosto de 2017, La Previsión Mallorca facilita ao tomador dunha póliza de **baixa laboral** profesional o seguinte documento de información normalizado, que non forma parte do contrato e que debe consultarse antes da sinatura da póliza]

En que consiste este tipo de seguro?

Este seguro garántelle unha indemnización ao asegurado no caso de que non poida realizar o seu traballo a causa dunha doenza ou accidente que lle ocasione unha incapacidade temporal total que o obrigue a permanecer en situación de baixa laboral.



Que se asegura?

A incapacidade laboral temporal total a causa:

- ✓ Doenza.
- ✓ Accidente.
- ✓ Se así o indica o asegurado ou o contratante do seguro, a incapacidade temporal total exclusivamente a causa de doenza.



Que é o que non está asegurado?

A incapacidade laboral temporal total asociada a doenzas previas. As doenzas previas son:

- ✗ Doenzas que o asegurado padece no momento da sinatura do contrato
- ✗ Doenzas que sexan consecuencia dunha doenza ou lesión previa á sinatura do contrato.

A incapacidade laboral temporal total por causa de:

- ✗ Guerra, epidemia e/ou pandemia ou catástrofe.
- ✗ Toxicomanía.
- ✗ Fibromialxia.
- ✗ Síndrome de Fatiga Crónica.
- ✗ Doenzas produto do consumo de bebidas alcohólicas.
- ✗ Doenzas mentais que non requiran hospitalización.
- ✗ A SIDA e o VIH.



Existen restricións no que respecta á cobertura?

- ! O tempo de franquía voluntaria, que é o que o contratante escolle á hora da sinatura do contrato. A franquía voluntaria fai que no caso de sinistro a cobertura do seguro non entre en vigor no momento da doenza ou accidente, senón ao cabo dun período de tempo elixido polo contratante.
- ! Se o contrato non o exclúe, a incapacidade temporal total a causa de embarazo, aborto, parto ou cesárea, que teñen as seguintes limitacións:



- 1) O embarazo, parto ou cesárea está excluído de cobertura durante o primeiro ano de contrato.
 - 2) Durante os meses de embarazo, os días máximos de cobertura que ofrece esta póliza son 45.
 - 3) Tras o parto ou cesárea, garántese o pagamento dunha única cantidade que corresponde a 20 días de subsidio diario, coa excepción das doenzas que sexan consecuencia do parto ou cesárea. Nese caso, elevarase ata un máximo de 45 días, incluídos os 20 días garantidos.
- ! As doenzas que obriguen o asegurado a quedar ingresado sen interrupción nunha institución psiquiátrica cubriranse ata un máximo de 90 días.



Onde estou cuberto?

- ✓ En calquera parte do mundo.



Cales son as miñas obrigas?

- Comunicarlle á compañía os cambios de actividade laboral ou da forma ou lugar de traballo.
- Contestar e asinar o cuestionario de saúde con precisión, sinceramente e sen ocultar información.
- Comunicarlle á compañía cun documento médico válido o inicio da baixa laboral temporal antes de que se cumpran sete días deste.
- Permitirlle á compañía realizar a peritaxe médica correspondente e facilitarlle os informes médicos correspondentes sobre as circunstancias e consecuencias da baixa laboral.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

- O prezo desta póliza é anual, e pódese pagar en prazos mensuais, trimestrais ou semestrais.
- O pagamento efectúase a través de medios de pagamento comunmente aceptados, directamente a La Previsión Mallorquina ou a través do mediador de seguros con quen se formalizase a póliza.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

- A cobertura comeza na data de inicio do contrato, ten unha duración mínima dun ano e renóvase de forma automática anualmente. Finaliza na data de fin do contrato.
- contrato cancelase automaticamente cando o asegurado cumpre 70 anos, cesa toda a súa actividade laboral, xubilase ou pasa a situación de desemprego.
- Tamén se cancela cando a baixa laboral temporal se volve permanente, ou cando o contratante do seguro non faga fronte ao pagamento.



Como podo rescindir o contrato?

- Comunicándollo á compañía ou ao mediador de seguros con quen formalizase a póliza, de forma escrita, por correo postal ou electrónico: (clientes@previsionmallorquina.com) polo menos un mes antes do fin do contrato.
- Caso especial: Se vostede contratou o seu seguro a distancia, pode anulalo durante os 14 primeiros días enviándonos unha comunicación escrita.